



Manuel María Fernández Teixeiro naceu en Outeiro de Rei o 6 de outubro de 1929. En 1942 trasladouse a Lugo para estudar o bacharelato e aquí comezou a súa precoz carreira literaria participando, á idade de 20 anos, no ciclo de conferencias "Jóvenes valores lucenses". Esta primeira conferencia serviulle para entrar en contacto cos integrantes da tertulia do café Méndez Núñez (Pimentel, Fole, Rof Codina...) que o poñerán en contacto coa realidade galega, tanto interior como do exilio. Nesta primeira etapa da súa vida, publica o primeiro poemario dun poeta da nova xeración, *Muiñeiro de brétemas* (1950), co que se inaugura a denominada "Escola da Tebra".

En 1958 instálase en Monforte como Procurador dos Tribunais e ao ano seguinte casa con Saleta Goi. Nos axitados anos sesenta e setenta, Manuel María participa na reorganización política, na clandestinidade, dos partidos nacionalistas, e atende os chamamentos e peticións que lle chegan de todas as organizacións que, ao longo e ancho do país, andan a traballar pola recuperación cultural: desde impartir conferencias ou recitar poemas a presentar á Nova Canción Galega. A súa obra literaria diversifícase e multiplicase de acordo cos novos tempos: ensaio, narrativa, teatro... sen abandonar o cultivo da poesía. Do existencialismo e o seu pesimismo radical evolúe cara á unha poesía que rompe, tanto no formal como na temática, con esta liña subxectiva para se comprometer co ser humano, coa súa xente, coa súa realidade social, en definitiva, co seu pobo.

A súas actividades políticas culminaron coa súa elección como concelleiro en 1979. Son anos duros, e a súa participación nas campañas en defensa da lingua foi moi activa. En 1985 abandonou a militancia política para se dedicar por completo á actividade literaria e cultural e, desde a súa xubilación, residíu na cidade da Coruña. A súa xenerosa entrega foi recoñecida en 1995, na Homenaxe organizada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega na Coruña.

Non é doado resumir en poucas liñas a obra deste insigne poeta, referencia imprescindíbel no panorama literario da segunda metade do século XX, pola amplitude dos seus rexistros, das súas propostas e da súa temática: intimismo, paisaxismo, socialrealismo crítico ou satírico, preocupación relixiosa, reivindicación lingüística... e, como fío conductor de todo este mundo poético, a construción da patria.


Manuel María faleceu na Coruña o 8 de Setembro de 2004.



Manuel María 'A literatura é unha loita contra a morte'

Por Carme Vidal

Cando pode regresar a Outeiro de Rei e escoita as badaladas do mesmo reloxo que o acompañaba de neno. Apenas dúas décadas despois de nacer na Casa de Hortas via luz en 1950 o seu primeiro poemario, Muiñeiro de Brétemas, que sería tamén o do primeiro autor novo que publica despois do golpe militar de 1936. Pasaron cinco décadas e corenta e sete títulos que fan de Manuel María un dos grandes nomes da nosa literatura que agora ve cumprida a súa grande ilusión. Ver publicada a súa obra poética completa que acaba de editar Espiral Maior.



Non disimula Manuel María a ilusión que lle fai ver os dous volumes que recollen a súa obra poética completa, os corenta e sete libros publicados entre 1950 e 2000. "É a grande ilusión da miña vida", afirma. Sen embargo, fuxe da vanidade que supón ser o autor dunha obra que percorre meio século de escrita e que o converte nun dos grandes escritores da nosa literatura.

"Intentei recorrer os camiños que a vida puxo diante de min. Teño un grande amor pola poesía, paréceme que nalgún momento mesmo poden rozar o que é auténtica poesía pero non estou seguro dos logros. Iso será o tempo o que teña que dicilo porque ser bo poeta é moi difícil", sinala.

Na súa cabeza leva metidos dous versos. Un é de Aquilino Iglesia Alvariño e fala da poesía como unha saudade dous mil anos viva. O outro pertence a Cunqueiro e di que mil anos para un verso son unha mocidade. Os dous conducen ao mesmo destino. Bota man deles cando fala de súa obra completa. "Para min a poesía é un xeito de coñecemento do ser humano no que ten de máxico, irracional e instintivo. Un poema é mellor na medida en que a palabra ten poder de suxerencia. Toda a escrita é unha loita contra a morte. Unha palabra dita desaparece, escrita sálvase" afirma Manuel María

para quen, por esa mesma capacidade de suxerir, a poesía precisa de aprendizaxe: "O ser humano leva dentro de si o sentido do misterio do idioma, da musicalidade do idioma, da súa beleza e todo iso hai que facelo consciente. Ernesto Cardenal dicía que un bo poema é importante para purificar o idioma de tanta carga que ten de inautenticidade, mentira e vileza".

Non é esaxero dicir que Manuel María é un dos mellores conversadores que deu este país. Quen o teña ouvido contar historias coincidirá na afirmación. Como ninguén é quen de engaiolar un auditorio co relato de acontecemento ou o retrato de personaxes. Ao igual que se dun conto se tratase comeza a explicar a orixe do seu primeiro poemario publicado, aquel *Muiñeiro de brétemas* (1950) que viu a luz na colección Benito Soto pola xestión de Aquilino Iglesia Alvariño. "Son dunha familia de galego falantes que o seguen sendo polo tanto para min o galego é a fala natural de sempre. Despois decateime de que o idioma é onde temos escrita a nosa auténtica cultura e é a máxima creación do noso povo. Somos uns depositarios e temos a obriga moral e patriótica de transmitilo aos que nos suceden o mesmo que nos chegou a nós".

Da terra, local, comprometido


Síntese ben tratado Manuel María con todos os adxectivos que lle adxudicaron a súa obra. Como ao seu amigo Uxio Novoneyra, falouse del como poeta da terra. "En Novoneyra o Caurel está moi presente. A min pásame o mesmo e non só con Galiza, senón coa Terra Cha e con Outeiro de Rei máis concretamente e mesmo con bisbarras especiais coas que me identifiquei e deron poemarios como son Monforte, Pantón, Carballiño ou Quiroga. A terra é para min algo que vive e me complementa. En Outeiro estou a gusto, é onde me gustaría que me enterren. Quizais sexa unha chamada ancestral da terra que, para min é un ser vivo que se transforma".



Tamén foi calificado de poeta local. “Asumo a definición e se algo son é precisamente un poeta local. Gústame. Que sei eu... quizais sexa porque aprecio manter un diálogo con esas terras que che impresionan e coas que, en definitiva, te identificas”. Tamén a Manuel María lle correspondeu o sobrenome de poeta socialrealista, e mesmo iniciador da corrente. “Falouse diso con *Documentos persoais*, cando fixen parodia da linguaxe xudicial con poemas que se chaman carné, bando ou testamento. A poesía socialrealista ten mala prensa pero débese a prexuízos ideolóxicos. Camilo Gómez Torres defende nun estudo da creación poética dos últimos cincuenta anos que é a máis rica desde o punto literario e de contribución poética. Ninguén di nada deses poemas chamados de amor ou eróticos malísimos, dun culturalismo plaxiado. Como non se atreven a atacar a ideoloxía do poeta porque sería dogmatismo, néganlle calidade á obra con grande cobardía”. Cos cincuenta anos de poesía ás súas costas, o autor non levanta a espada para tirar os tópicos que se deitaron sobre a súa obra, pola contra, considera que foi “moi valorada, tivo grande sorte e compre desconfiar do que quedará de todo iso” porque, segundo di, “poetas houbo moi grandes”.

Menta a Goethe para descubrir outro dos seus lemas creativos. “Dicía que a poesía tiña que ser verdade, procuro que o que plasmo e compre rescatar da morte sexa auténtico que significa ante todo ser sincero. A poesía pode ser real aínda que non sexa realizábel”.

Conforme se van percorrendo os títulos da súa obra -*Muiñeiro de brétemas, Morrendo a cada intre, Advento, Terra Chá, Libro de cantigas, Documentos persoais, Libro de pregos...*- agroman tamén proxectos como *Xístral* ou *Val de Lemos* cos que o autor cumpriu o seu afán de facer chegar a poesía á xente. “Porque a poesía, ademáis de escribila, hai que dala a coñecer e dentro dos nosos medios polo menos o intentamos” sinala nunha afirmación na que resulta imposíbel recoller todo o seu traballo andando a terra, participando en centos de actos públicos e de animación cultural. “Foi unha satisfacción, gustoume moito andar por Galiza e gustaríame seguir pero os anos teñen a súa lei. Dixen que non as menos veces posíbeis e recibin a cambio o trato da xente que é o máis importante” e que foi o que o convertiu nun dos poetas máis queridos do país.



O que só uns poucos consiguen

A historia da súa traxectoria literaria poética, recollida agora nos dous volumes, garda tamén a pegada da censura. “No noso caso, ademáis da presión política estaba a cultural e sobretudo a do idioma. Sofrimos unha dobre opresión. Cargaron libros enteiros. Un poema como a “Canción para cantar todos os días” publicouse antes en francés que en galego. Certos libros saíron cortos de versos porque se arranxaba como se podían, outros non pasaban por completo a censura. En recitais había que presentar o poema na Delegación Provincial de Información e Turismo e dependías do censor de turno. Con “Acuso á clase media” fíxose un disco e pasou á censura en Madrid porque quen o levou, un toledano que falaba moi ben galego, dixo que non sabía moito pero que lle parecía que era un seudónimo de Alfonso X o Sabio e o censor puxo grávese”, relata.

Algun dos seus libros conseguiu aquilo que anxeian tantos poetas e que moi poucos acadan. Que os seus versos sexan recoñecidos, cantados e recitados de corrido pola xente e non só polos propios lectores. Aconteceu, por exemplo, con *Os soños da gaiola* que acadou especial sorte tamén por ser musicado por distintos cantores. “Foi un libro que escribin con esa temática que botaba en falta cando fun á escola. Con trinta anos fixen eses poemas en homenaxe ao rapaz que fun e para encher ese baleiro e que falaban do meu mundo inmediato, do río, dos foguetes ou do arco da vella...”.

Como aquel poeta novo que publicou cando entraban os anos cincuenta, entrou en contacto Manuel María con personaxes como Otero Pedraio, Maside, Pimentel ou Iglesia Alvariño, todos moi presentes na súa biografía. “A través




de Pimentel e Anxel Xohán descubrín unha literatura que estaba prohibida. En Santiago entrei en contacto con Otero e, en especial con Maside que foi unha grande revelación e me falou de marxismo, de socialismo... e me deu unha información ampla da Galiza dos anos da República. Con eles conseguín ter conciencia da situación real do país". Considera, sen embargo, que esa relación que o uniu á xeración anterior á súa non se ia repetir coa que veu despois. "Rompeuse, apareceron intentos de renovación da lírica e, contra o que pasou en Cataluña coa xeración dos oitenta aquí non foron continuadores dos camiños que, por exemplo, abriu Cuña Novás ou o mellor Novoneyra". O tempo, como repite, porá as cousas no seu lugar.

No ano 2000 o mesmo Sabino Torres que editara na colección Benito Soto *Muiñeiro de brétemas*, o seu primeiro poemario, daba lume en Hipocampo Amigo a *Brétemas de muiñeiro*, o libro co que tentaba pechar a súa carreira lírica. Non foi así, continuou deixándose levar pola escrita e apareceron novos poemas. "O demo tenta sempre". ¿Continua a tentar? "Xa hai tempo que non. Teño moi en conta a don Ramón Otero Pedraio cando dicía que unha das cousas máis difíciles era saber envellecer con dignidade". Meio século adicado á poesía galega. "O difícil é ter algo que mereza a pena ser legado. Non espero nada. Coido que cumprín utilizando o idioma que herdei para poder transmitirlo aos que veñen. Se nese idioma me acheguei á poesía, mellor que mellor", remata o poeta.

"Manuel María foi un grande humanista"

Entrevista con Mercedes Queixas, autora da biografía de Manuel María "Labrego con algo de poeta"



Mercedes Queixas coñeceu a Manuel María na librería Xistral. Acababa de licenciarse en Filoloxía e, xunto ao compañeiro Anxo Gómez, visitouno en Monforte para se documentar sobre Xan da Cova. "Foi un día inesquecible na nosa memoria", lembra nas súas respostas ao "Cuestionario Manuel María". O encontro humano levou á descuberta do escritor, cuxa vida Queixas percorre na biografía "Labrego con algo de poeta" (Galaxia, 2016). A escritora salienta o carácter multitemático e a innovación da súa obra, mais tamén o perfil humanista de Manuel María, comprometido con numerosos proxectos culturais nun tempo "en branco e negro".

Que características pensa que definen a obra de Manuel María?

Manuel María asina máis dun cento de títulos escritos ao longo de cincuenta e catro anos, polo tanto fecundidade e constancia son trazos obxectivamente definidores. O seu proceso creativo atendeu todos os xéneros, nomeadamente a poesía, á que corresponden máis de cincuenta obras, mais tamén narrativa, teatro, ensaio e escrita xornalística. Unha expresión, pois, diversa e, ao tempo, moi plural tematicamente, que identifica a obra co transcender da canle dun río alimentado por sucesivos afluentes enriquecedores.

A perfecta simbiose entre a representación das causas do pobo e a súa obra converteuno na voz amplificadora do pobo silenciado, agredido e expropiado, desde a dignificación da lingua galega e da cultura popular que a constrúe e sostén con personalidade propia, recuperando a visibilidade do seu papel na historia e os referentes cultos de seu. Finalmente, a lectura da obra do autor permítenos visualizar o mapa do seu tempo, desde diferentes ángulos, converténdose nunha crónica biográfica, persoal polo tanto, mais sempre acompañada da man da cronoloxía que marcou a experiencia vital colectiva galega, española e internacional, o que o converte nun referente intelectual da segunda metade do século XX.




Cales son, ao seu xuízo, as súas achegas de maior interese?

A innovación marcou os primeiros versos daquel mozo de apenas vinte anos recompilados en *Muiñeiro de brétemas* (1950), o primeiro libro de poemas en galego editado na posguerra por un mozo desa nova xeración chamada a ser o elo continuador literario e cultural descabezado pola barbarie fascista oficializada na ditadura militar após 1939. A innovación ou renovación de temas, linguaxe e estilística é un elemento recorrente ao longo de todo o seu tempo creativo, así como a vontade de crear ao redor da lingua galega un auténtico corpus poético, un eixo común vertebrador dos miles e miles de versos legados nos máis de mil cincocentos poemas. Por outra banda, cómpre destacarmos a aposta pola apertura da poesía en lingua galega a novos públicos, como o infantil, coas obras *Os soños na gaiola* (1968) e *As rúas do vento ceibe* (1979), sementando un terreo imprescindible para a normal transmisión da lingua galega entre as xeracións mozas na escola e na casa. Asemade, toda a escrita narrativa e dramatúrxica que permitiu chegar o galego a estas idades de primeiras lectoras e contribuíu a fixar a súa expresión oral neste idioma. Trazar estes obxectivos nunha altura onde o galego aínda estaba lonxe de recuperar a súa condición de lingua oficial e de incorporar o seu uso libre e aprendizaxe normalizada no ensino acrecenta o valor da aposta do noso autor.

Que pegada coida que deixou na cultura galega?

Manuel María viviu intensamente apegado á súa terra, ás xentes do pobo, aos diferentes tempos, sempre atento ás novas voces poéticas, ás que axudou a dar luz procurando mesmo canles como editor. Foi un grande humanista que era quen de transmitir, desde unha coidada oratoria, un coñecemento profundo. Precisaba comunicar, transmitir, partillar, sempre estaba pronto a colaborar cos proxectos nados no seo de colectivos, movementos asociativos, culturais que ensanchaban o campo de acción pedagóxica e cultural nun tempo en branco e negro, negador da identidade galega. Con todo, cando o momento histórico así o requiriu, non dubidou en asumir o seu compromiso político nacionalista desde a óptica partidaria no BN-PG, chegando a ser concelleiro en Monforte nin en ceder a palabra literaria ao combate como ferramenta de intervención social. A súa personalidade xenerosa, o seu traballo inxente e a súa palabra como berro de amor e afirmación nado do profundo amor á Terra, converteuse nun legado de pouso firme que aínda abrigan para si diferentes xeracións ora na lectura da súa obra ora na interpretación musical de tantos poemas ou na revisitacións de cada persoal álbum de lembranzas íntimas. Eis a razón principal dunha cuestión que debemos enfocar ben no noso presente: como imos trasladar Manuel María ás novas xeracións? Que estratexias asumiremos para que unha obra que medra no tempo e acrecenta o seu valor con cada nova lectura prolongue a vida do poeta?



Que vixencia conserva a súa creación?

Malia o carácter tan voluminoso da súa escrita, como antes mencionamos, a altísima amplificación popular a través da música e as raíces profundas no seu pobo, entendemos que Manuel María segue a ser un autor bastante descoñecido. No entanto, si sorprende o coñecemento maior que chegou a ter se temos en conta as severas dificultades coas que sempre se encontrou para ver a súa obra editada e, consecuentemente, para conseguir que chegase de xeito maioritario ao público lector quen, tantas veces, accedeu á súa obra de xeito limitado, parcial e clandestino. Unha visibilidade moito tempo condicionada que tamén alimentou a crítica literaria ao non lle ceder o merecido espazo de atención ao xulgar a súa obra con parámetros extraliterarios.

Felizmente, a lectura completa da obra, nada dunha auténtica vocación de escritor universal, é hoxe posíbel. Cada nova lectora descubrirá un dos moitos Manuel María que o verso e a prosa gardan. Nada resultou alleo a Manuel María, por iso no conxunto da súa obra é posíbel descubrir os múltiples e ilimitados centros de interese do poeta que nunca nos deixan indiferentes. A súa obra é das de maior entidade das publicadas na segunda metade do século XX, cuantitativa e



Tertulias Literarias



calitativamente. O carácter multitemático de moitos dos títulos presentan un panorama real e literario fértil de forte impacto no público lector, o que explica que, malia as severas dificultades de publicación e recepción dunha boa parte da obra, consiga ver en vida sucesivas edicións de obras como *Terra Chá*, *Documentos personaes*, *Muiñeiro de brétemas* ou *Os soños na gaiola*, entre outras, e reciba proposta de tradución para moi diversos idiomas.

Por outra banda, o labor que nestes últimos anos desenvolveu a Fundación Manuel María de Estudos Galegos, recuperando a Casa de Hortas, casa natal do poeta, para o encontro público con el, musealizándoa conforme o percorrido biobibliográfico en paralelo, ten sido un primeiro chanzo fundamental para revitalizar sempre a memoria de Manuel María, o principal espazo de referencia para dar a coñecer a súa obra viva e figura entre o pobo galego máis aló do vindeiro 17 de maio.

Como descubriu vostede a Manuel María? Que recordo garda daquela descuberta e que supuxo para vostede?

Coñecín a Manuel María e a Saleta Goi a comezos dos anos 90 na súa Librería Xistral de Monforte recién licenciada en Filoloxía xunto ao compañeiro Anxo Gómez. Combináramos previamente un encontro telefónico con el para lle demandarmos información sobre o autor ourensán Xan da Cova, que el tiña ben documentado, xa que estabamos a preparar a edición dunha obra da súa autoría, *La Galiciana*, que viu a luz no número 4 da colección dos *Cadernos de Teatro*, dirixida por Francisco Pillado. A espontaneidade de Manuel María naquela visita, a riqueza da conversa e a proluxa información coa achega de documentos gráficos que nos subministrou converteu aquela xornada de traballo nun día inesquecible na nosa memoria, tanto que no retorno á casa en coche sentiamos ter sido partícipes dun momento irrepetible e mesmo aínda máis convencidos de que aquela nosa escollo académica non fora nada errada. O encontro humano levou á descuberta do escritor, nomeadamente do poeta, e o contacto persoal retomouse grazas a nos converter co tempo en veciñanza coruñesa, o que facilitou o encontro periódico en todo tipo de actos e eventos culturais, literarios, cívicos, así como na tertulia da hoxe desaparecida cafetería Kirss da rúa Real desta cidade.






Cal é a súa obra ou o seu poema favorito de Manuel María? Por que?

Unha obra literaria tan amplísima e diversa dificulta unha elección tan cativa. Gosto especialmente da poesía e, cando penso nela en conxunto, os primeiros títulos que sempre lembro son *Mar Maior* (1963), *Remol* (1970), *Poemas ao Outono* (1977), *Poemas da labarada estremecida* (1981) ou *A luz resucitada* (1984). Non me resulta doado explicalo, mais probabelmente a razón sexa que neles pode lerse unha aproximación bastante global a ese carácter poliédrico que caracteriza esta escrita intensa e extensa. Un poema que me acompaña desde hai moito tempo e que, a cada nova lectura da obra de Manuel María, máis o interpreto como un carné de identidade poética, é este que abre o poemario *Remol* (1970):

Sei o que vale un verso
 Sei que todos os versos do mundo
 non valen o que vale un home,
 o que vale
 o berro dorido dunha nai,
 o bico apaixonado dos amantes
 ou o tenro recendo dunha flor.
 Sei o que os versos non valen
 pero sigo escribindo se parar.
 Sigo escribindo con carraxe,
 entusiasmo e paixón
 por si acado algo de poesía
 -unha floriña só que move o vento-
 entre a faramalla das miñas
 probas verbas desnortadas.
 Un verso nunca vale,
 o que vale o chío dun paxaro,
 nin ten a forza dun río
 ou o poder arrepiante dunha bala.
 Pero eu sigo fiel, encadeado
 á música amorosa das palabras.



Fontes:

[Asociación Escritores em Lingua Galega](#)
[A Nosa Terra nº 1014 \(dec 2001 a xaneiro 2002\)](#)
[Real Academia Galega](#)

Para saber máis:
[AELG \(paratextos\)](#)
[Casa Museo Manuel María](#)

[Arquivo documental das Tertulias Literarias \(dende 2010\)](#)

Biblioteca Central Rialeda
 Avenida Rosalía de Castro 227 A
 15172 – Perillo (Oleiros)
 Tfno.: 981 639 511
 Fax: 981 639 996
 Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org
[Blog](#)
[Web](#)